

# NOVOS PETROGLIFOS NO CONTORNO DA ÁREA ARQUEOLÓXICA DE TOURÓN, PONTECALDELAS: O CERVO FERIDO DE O RECOSTO XI.

Eduardo Rodríguez Saiz (Arqueólogo)

**ABSTRACT:** Within the Archaeological area of Tourón (Pontecaldelas, Pontevedra) is located an uncatalogued petroglyph. It carries a very special symbolic charge. It consists of a stag that bears highly developed antlers, wounded on his back by a spear. The stag is represented in an unusually dynamic attitude different from the hieratism typical of this kind of representation. The presence of a circle around the scene points to a –physical or imaginary apprehension of the animal. Far from being casual, it's location within the social space to which it is attached indicates a logical connection. This logic is only grasped here at a intuitive level so we don't provide its detailed definition.

**KEYWORDS:** Petroglyphs, Bronze Age, Physical Environment, Symbolism, Wounded Stag.

No mes de marzo de 2008, execútase a actuación de campo dunha prospección arqueolóxica intensiva nos montes de Tourón<sup>1</sup> –concretamente ao norte da Area Arqueolóxica–, intervención promovida e financiada polo Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural, e motivada polos inminentes traballos de tala e recuperación medioambiental de varios espazos que afectarían aproximadamente a unha superficie de 178 ha.

Nesta prospección, a maiores da documentación de varios xacementos inéditos (entre eles algúns gravados), localizamos un soporte rochoso de especial interese. Trátase do petroglifo recollido co nome de *O Recosto XI*, que entre outros motivos contén un gran exemplar de cervo astado, relacionado con varios elementos –círculo gravado ao redor, lanza no lombo,...- que lle confiren unha especial carga simbólica.

## EMPRAZAMENTO

O soporte pétreo que acolle o cérvido de *O Recosto XI*<sup>2</sup> emprázase nunha dorsal orientada norte-sur que, partindo dende as terras altas de Nabal de Martiño (a unha altitude de 565 m.s.n.m.), descende ata as terras meridionais mais baixas preto do lugar de Tourón, a unha altitude duns 350 m.s.n.m. (Fig. 1). Esta dorsal constitúe o peche natural polo sector norleste da Area Arqueolóxica de Tourón, actuando como límite espacial da unidade fisiográfica na que se empraiza o xacemento prehistórico do *Coto das Sombriñas*, no corazón da Area Arqueolóxica, relacionándose gravados cun espacio natural convertido en espacio social dende a Prehistoria (PEÑA SANTOS-REY GARCÍA, 1998: 233).

O petroglifo localízase na parte baixa desta dorsal, a unha altitude de 405 m.s.n.m.; uns 25 m. ao sur se sitúa o tamén inédito *O Recosto XII*<sup>3</sup> (Fig. 7.II), e a 80 m. ao norte *O Recosto X*<sup>4</sup> (Figs. 4 e 7.I) –igualmente descoñecido ate este intre–; este último se empraiza nun afloramento, a xeito de balcón, que se constitúe como un descanso na pendente continúa da dorsal.

As súas coordenadas de situación son:

Coordenadas xeográficas:

- Lonxitude: 08° 31' 1,2" W

- Latitude: 42° 24' 34,1" N

1 Autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante Resolución Delegada do día 29 de febreiro de 2008, con clave identificativa CD 102A 2008/117-0.

2 Engadido ao Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia coa clave identificativa GA36043071.

3 Engadido ao Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia coa clave identificativa GA36043072.

4 Engadido ao Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia coa clave identificativa GA36043070.

Proxección U.T.M:

- X: 539.745.

- Y: 4.695.439.

O afloramento que contén os gravados de *O Recosto XI* ten forma alongada e irregular, cun eixo N-S de 3,8 m., por 3,7 m. no eixo E-W. O seu sector sur está afectado por traballos de cantería tradicional, e cara ao leste, norte e oeste a rocha se perde baixo os niveis edáficos. Lixeiramente exenta con respecto ao núcleo principal rochoso e cara ao norleste, aflora unha pequena superficie que tamén contén gravados - neste caso coviñas rodeadas con círculos-, e que con toda seguridade pertence ao mesmo afloramento granítico. (Fig. 5).

Para poder caracterizar a morfoloxía da súa superficie (aspecto que será importante á hora de falar da disposición e distribución dos gravados no soporte pétreo), dividímola rocha en dous sectores. O sector mais occidental se caracterizaría por ser unha superficie mais ou menos cha, aínda que perfil sinuoso e irregular. Pola contra, o seu sector mais ao leste, convértese nun panel inclinado (cun ángulo de inclinación duns 23º dende unha imaxinaria rasante horizontal), regular aínda que lixeiramente cóncavo, e con pendente cara o leste-surleste. (Fig. 6.I).

## A SUPERFICIE GRAVADA DE O RECOSTO XI

O emprazamento dos distintos motivos documentados neste soporte parece froito dunha intencionalidade manifesta; seguindo unha lóxica observada noutros petroglifos galegos<sup>5</sup>, os motivos xeométricos aséntanse na parte cha e irregular, mentres que os motivos naturalistas (neste caso o gran cervo, ademais doutra posible figura animal), no panel inclinado e mais liso, conformando un espacio expositivo idóneo para unha representación desta natureza (VÁZQUEZ ROZAS, 1993: 71).

No sector plano do soporte, atopamos abundantes coviñas -preto dunha trintena- de dimensións similares: aproximadamente de entre 2,5 e 5 cms. de diámetro, con profundidades de 1-2 cms. Sete delas aparecen delimitadas por un círculo gravado de 17 cms. de diámetro. En todo caso, non descartamos que este tipo de composición (círculo acollendo a varias coviñas) puido haberse repetido, aínda que por mor de procesos naturais erosivos non chegaran ata nos: existen agrupacións de coviñas, ademais de trazos gravados aparentemente soltos e inconexos, sendo factible que estiveran relacionados orixinalmente.

Á dereita do cervo (ao norte), observamos outro círculo rodeado de coviñas; iguais motivos se localizan ao leste, con alomenos tres círculos pechando varias coviñas, nunha rocha aparentemente exenta pero con certeza pertencendo ao mesmo afloramento granítico.

Esta dispersión dos gravados no soporte rochoso (representación naturalista rodeado de esquemáticos), repite un patrón xa observado noutros petroglifos<sup>6</sup>.

No panel inclinado da rocha atopamos a representación do gran cérvido. Trátase dun exemplar dun macho de cornamenta moi desenvolvida e detallada, cunhas dimensións de 75 cms. (dende o morro ata o rabo) por 68 cms. (dende o extremo da cornamenta ata ós cascós). (Figs. 3 e 5)

Presenta unhas patas traseiras mais cortas e estáticas que as dianteiras, que están lixeiramente flexionadas, en actitude dinámica. O gravador soubo dotar tanto ao par de patas traseiro como ao dianteiro de certa perspectiva tridimensional. Esta profundidade de campo é evidente no tren dianteiro do animal, onde a liña pectoral está claramente definida entre as dúas extremidades. Este feito, xunto coa actitude dinámica do animal, logra mitigar notablemente o hieratismo que se aprecia noutros gravados similares. Algúns autores -COSTAS GOBERNA, HIDALGO CUÑARRO, PEÑA SANTOS (1999: 84)-,

5 Como exemplos desta distribución espacial dos gravados dentro do soporte rochoso destacaríamos a *Pedra das Ferraduras*, en Cotobade, ou a *Laxe dos Carballos*, en Campolameiro.

6 De todos os xeitos, e no caso que nos ocupa, se ben é evidente que se repiten estes patróns de distribución, a nosa visión aparece sesgada por mor das terras que parcialmente tapan a rocha. Con outras verbas, con toda probabilidade o espectador da Idade do Bronce non observaría os gravados nas mesmas condicións que nos.

falan dunha *corrente estilística* propia dos cérvidos do sudoeste pontevedrés, que no caso de Tourón se caracterizaría por dispoñer os dous pares de patas en arco.

A liña ventral do cervo presenta unha pequena curvatura xusto por baixo do sector do lombo onde o animal foi alcanzado por unha lanza. Con respecto aos cervos representados en petroglifos do seu contorno inmediato (*Coto das Sombriñas I/ Outeiro do Pío, Coto das Sombriñas II/Coto da Siribela, Laxe dos Cebros, Laxe das Cruces,...*), o noso gravado novamente presenta un maior coidado no detalle: na totalidade de aqueles, a liña ventral é representada por un único trazo rectilíneo, sen maior albisco de realismo.

A mesma minuciosidade aparece na liña cérvico-dorsal, lixeiramente curva ao chegar aos cuartos traseiros do cervo, engadindo outra pincelada naturalista ao animal.

O fociño do cervo se representa dun xeito explícito, semellando estar coa boca semiaberta. Quizais este detalle serviría para enfatizar a acción dinámica do animal, adoitando atoparse nun intre de carreira ladeira arriba (Mais abaixo retomaremos o emprazamento do gravado en relación coa unidade fisiográfica –dorsal- que o acolle).

No lombo do animal se representa un arma cravada, de 31 cms. de lonxitude. No extremo que penetra no dorso do cervo, o trazo da arma se bifurca para diferenciar con maior realismo o mango ou hastil da arma da punta, xa fora metálica ou lítica. Armas arroxadizas idénticas á que aparece no cérvido de *O Recosto XI* se representan no gran cervo de *Os Carballos*, en Campolameiro; neste caso, algúns autores falan non de punta (xa fora lítica ou metálica), senón de remate en forquilla (COSTAS GOBERNA, HIDALGO CUÑARRO, NOVOA ÁLVAREZ, PEÑA SANTOS, 1997: 64). Ou tamén no cervo aseteado de *Outeiro Gordo*, en Rianxo, cunha representación da punta similar, aínda que neste caso está sobre o lombo sen chegar a penetrar no interior do animal.

No punto do lombo do cérvido onde penetra a arma, aparece representada en baixorrelevo a ferida –ou ben o sangue-causada, co fin de engadir énfase á acción da caza, se coa arma feríndoo nas costas non houberse quedado claro.

Asociado ao cervo aparece gravado un gran círculo (de entre 0,95 e 1,01 m. de diámetro), que está en contacto directo co cervo: partindo do corno dereito, rodéao de adiante a atrás, e morre no peito do animal.

De tódolos xeitos, a súa técnica de execución non é a mesma que a dos restantes motivos. Tanto no cervo como no resto de gravados, o suco que se documenta é o “clásico” de U aberta, de trazo continuo, froito de moitos séculos de erosión. Nembargantes, tanto no círculo como en dous trazos verticais e case paralelos que aparecen no seu interior, a técnica semella mais un piqueteado lineal, irregular, resultando un trazo mais estreito –e mais abrupto- que no resto dos motivos. A maiores da evidente relación física, pensamos que debe acollerse con cautela a relación cronocultural entre o cérvido e estas figuras asociadas. (Fig. 6.II).

Dentro do círculo aparece representado outro posible animal (quizais outro cérvido), cunha lonxitude de 40 cms., aínda que o seu mal estado de conservación dificulta unha lectura axeitada.

Quizais esta diferenza de técnica de gravado poda se-lo resultado de manifestacións culturais diacrónicas; pese á gran carga simbólica que podería ter a composición, non nos atrevemos a relaciona-los como resultado do mesmo fenómeno cultural. Pero sí é verdade que na bibliografía sobre gravados rupestres, se denota a existencia de figuras xeométricas cuadrangulares ou circulares en relación directa con cuadrúpedos, normalmente interpretados como cérvidos atrapados (COSTAS GOBERNA, HIDALGO CUÑARRO, NOVOA ÁLVAREZ, PEÑA SANTOS, 1997: 63).

No noso caso, a visión do conxunto gravado suscítanos a idea dunha plasmación pétreo da aprehensión do animal –xa fora nun mundo real ou imaxinario-. Captura que é evidente no gran cervo de *Os Carballos* en Campolameiro, cun colar cinguindo o seu pescozo; ou nun gravado moi similar ao noso en canto a composición: o petroglifo de *Pedra do Cabalo*, en S. Miguel de Guillade, en Pontearreas<sup>7</sup>. Aquí pódese observar un posible zoomorfo rodeado por un círculo -do que parte un trazo en forma de arco-.(Fig. 8).

7 Agradezo a Juanjo Perles Fontao tanto a comunicación da existencia deste gravado como a predisposición para facilitar a súa documentación gráfica. A Lámina 8 está realizada a partir dun orixinal seu.

Tanto *O Recosto X* como os grupos *XI* e *XII*, se emprazan no esporón frontal da dorsal, cáseque coincidindo coa liña que marca o límite entre as vertentes leste e oeste. Ámbolos tres están aliñados xalonando o cordal de ascenso pola dorsal ata as terras altas de Nabal de Martiño. O exemplar do cervo ferido de *O Recosto XI* parece atoparse nunha actitude de carreira, correndo cara á dereita, ladeira arriba, seguindo a liña de tránsito marcada polo cordal de ascenso.

Pensamos que este zoomorfo, tanto polas connotacións simbólicas descritas, como pola súa actitude dinámica e o seu emprazamento e orientación no medio físico no que se enxire, non respostaría a unha ubicación ao chou, condicionada unicamente á existencia dun soporte pétreo idóneo para este tipo de representacións. Pola contra, semella ter tras de si unha lóxica de emprazamento no espacio social prehistórico que intuimos, mais non chegamos a definir con claridade.




Figura 1. Localización dos petroglifos de *O Recosto X*, *XI* e *XII* no contorno da Area Arqueolóxica de Tourón.



*Figura 2. Vista do soporte pétreo que acolle a O Recosto XI, dende o norte.*



*Figura 3. Detalle do gran cervo ferido de O Recosto XI.*



Figura 4. Vista do suporte pétreo que acolle a O Recosto X, dende o norte.




Figura 5. O petroglifo de O Recosto XI.




Figura 6. I- Sección do soporte pétreo de O Recosto XI. II- Sección dos sucos de O Recosto XI.




Figura 7. I- O petroglifo de O Recosto X. II- O petroglifo de O Recosto XII.




Figura 8. O petroglifo de Pedra do Cabalo (elaborada a partir de orixinal de Juanjo Perles Fontao).

#### BIBLIOGRAFÍA:

COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M; NOVOA ÁLVAREZ, P; PEÑA SANTOS, A. de la (1997): <<Aproximación a las representaciones de cuadrúpedos en el Grupo Galaico de Arte Rupestre>>, en *Los motivos de fauna y armas en los grabados prehistóricos del continente europeo*. Ed. Asociación Arqueológica Viguesa. Serie Arqueología Divulgativa, nº 3. Vigo, pp. 53-84.

COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M; PEÑA SANTOS, A. de la (1999): *Arte rupestre no sur da ría de Vigo*. Instituto de Estudos Vigueses, Vigo, pp. 84.

PEÑA SANTOS, A. de la; REY GARCÍA, J.M. (1998): <<Perspectivas actuales en la investigación del arte rupestre galaico>>, en *A Idade de Bronce en Galicia: Novas perspectivas*. Edic. de Ramón Fábregas Valcarce. Cadernos do seminario de Sargadelos, 77. Edicións do Castro, A Coruña, pp. 221-241.

VAZQUEZ ROZAS, R. (1993): <<Los petroglifos gallegos: Selección de su emplazamiento y selección de las rocas grabadas>>. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vol. I. Vigo, pp. 69-76.